

SUSPENSIÓN PRAZO PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES NO PROCESO DE AMPLIACIÓN DE LISTAS DE CONTRATACIÓN NA CATEGORÍA DE ANALISTA PROGRAMADOR

Por convocatoria de data 12 de febreiro convocouse un proceso de ampliación da lista de contratación temporal na categoría de analista programador/a, cuxo prazo de solicitudes de participación termina no día de hoxe. Atópase próxima a resolución definitiva do proceso selectivo convocado para a cobertura de prazos de persoal fixo na mesma categoría profesional cuxa finalización comportará a constitución dunha nova lista de contratación temporal derivada do citado proceso.

Concorre, por tanto, unha circunstancia que aconsella suspender temporalmente o prazo en curso por razóns de eficacia, eficiencia, seguridade xurídica e adecuada xestión do proceso selectivo, en virtude da cal **RESOLVO**

Primeiro.- Suspender o prazo de presentación de solicitudes do proceso selectivo convocado en data 12 de febreiro para a ampliación da lista de contratación temporal da categoría profesional de analista programador/a.

Segundo.- A suspensión terá efectos do día 19 de febreiro e manterase ata a resolución definitiva do proceso selectivo en curso para a cobertura de prazos de persoal fixo na mesma categoría profesional.

Terceiro.- O cómputo do prazo reabrirase e ampliarase mediante resolución expresa que será obxecto de publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

As persoas que xa presentaran a solicitude de participación non terán que realizar o trámite de novo cando se produza a reapertura do prazo.

San Marcos, 19 de febreiro do 2026

O director de Xestión das Persoas



CORPORACIÓN
DE SERVIZOS
AUDIOVISUAIS
DE GALICIA
Departamento de
Xestión das Persoas

Víctor Tubío Villar